



## CONCELLO DE BARBADÁS

Oficina Promoción Económica de Barbadás  
Camiño do Pontón 25, Barbadás- 988360413

### DECLARACIÓN RESPONSABLE (Anexo II)

Don/Dona-----con DNI-----

En nome e representación de-----

Razón Social----- C.I.F.-----

Declaro responsablemente que:

- Tódolos datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnese as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base primeira do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados a aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto nefundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto.
- Autoriza á Oficina de Promoción Económica de Barbadás á obtención das certificacións , que debe emitir a Axencia estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Barbadás.
- Autoriza á Oficina de Promoción Económica de Barbadás, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa da Oficina de Promoción económica de Barbadás, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme o establecido nas bases sexta e décimo cuarta do programa.

Barbadás, a de 2020

Asdo:

ADVIRTESELLE DE QUE consonte có disposto no apartado 4 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas a “inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Asemade a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente”.

Para cumprir có disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Rgto UE/2012/679), infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable a oficina de Promoción Económica de Barbadás. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera nomento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Promoción Económica de Barbadás, entidade responsable do ficheiro.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARBADÁS**

